



# salesianos

## LUGO

### **Plan de traballo Coordinadoras de Benestar, Convivencia e Protección**

(Aprobado polo equipo directivo 15 de novembro de 2023)



## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. ANÁLISE DO CONTEXTO.....	2-8
3. OBXECTIVOS.....	8-9
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN.....	10-11
5- AVALIACIÓN.....	12



## 1- INTRODUCCIÓN

O presente plan de traballo elabórase segundo as indicacións da Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

Normativa anterior:

- A Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, dedica o capítulo IV do título III ao ámbito educativo
- A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro.
- A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa
- A Orde do 17 de xullo de 2007, pola que se regula a percepción de la compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.
- Estratexia galega de convivencia escolar 2025

## 2- ANÁLISE DO CONTEXTO

### 2.1 O noso percorrido:

A nosa casa salesiana Divina Pastora Salesianos de Lugo pertence á Inspectoría Salesiana “Santiago el Mayor”, entidade con personalidade xurídica, dentro da Congregación Salesiana, responsable das casas salesianas nas comunidades autónomas de Galicia, Castilla y León, Madrid, Castilla la Mancha, Asturias, Cantabria, País Vasco, Navarra y La Rioja.

Na nosa casa realízase unha laboura educativo-pastoral con nenos/as e adolescentes menores de idade nunha diversidade de ambientes e servizos (colexio, centro xuvenil, plataforma social, deportes, actividades culturais e complementarias...). A protección e coidado dos menores e adultos especialmente vulnerables é a base da laboura que desenvolvemos, animados polo noso carisma salesiano e o seu método pedagóxico, o Sistema Preventivo.

Nos últimos anos, a nosa Inspectoría realizou un importante traballo neste eido conscientes de que é unha urxencia que nace do noso Sistema Preventivo. Por iso, traballamos para que



o noso centro sexa un ambiente seguro especialmente para os menores e adultos vulnerables. Damos resposta así, ao noso propio sistema educativo, e a o que as leis piden para todas as entidades que se dedican ó traballo con menores.

Esta protección, no ámbito Inspectorial, coordínase e artículase para todas as casas salesianas mediante un sistema que denominamos “Ambiente Seguro”, onde se coída a prevención, detección e a intervención cando é preciso, para a protección de todos os menores destinatarios de calquera tipo de violencia.

#### **a) Accións Realizadas A Nivel Inspectorial**

- Elaboración dun **Código Ético** como unha declaración expresa dos principios e criterios de acción educativa salesiana que vincula a todas as persoas que colaboran e traballan nos nosos colexios
- Elaboración dun **Código de Conduta** e un **protocolo de aplicación** cando prodúcese unha denuncia do mesmo. Neste código reflíctense os principio e normas (comportamentos a promover, comportamentos prohibidos, comportamentos a evitar como medidas preventivas de posibles abusos sexuais) e as medidas para o seu cumprimento. Devandito Código foi entregado a todo o persoal, que se comprometeu a coñecelo e respectalo cun compromiso individual por escrito.
- En cada ambiente pastoral, **cóntase con protocolos** para acompañar os menores en situacións que poden ocorrer na súa contorna familiar ou en outros ámbitos de súa vida, no ámbito educativo: Protocolo de actuación para a protección dos menores no ambiente escola
- Creación da **Comisión Inspectorial De Protección De Menores E Adultos Vulnerables**, creación en cada unha das nosas obras dunha comisión local e o nomeamento dun coordinador/a de protección. Esta comisión está formada polo Vicario, o Secretario e o Delgado de Comunicación Inspectorial, unha psicopedagoga e a avogada do Servizo Xurídico. A súa función é a de actuar subsidiariamente sempre que sexa preciso nos casos que poidan xurdir nas distintas Casas. Así mesmo cóntase cun equipo especializado de Instrutores no caso de que nalgunha das casas se conclúa que hai un indicio dunha vulneración do CDC e débese realizar a instrución dun caso.



- Creación dun grupo de traballo Inspectorial para dotar de materias e recursos aos centros.
- Creación dunha canle de denuncia [escucha@salesianos.es](mailto:escucha@salesianos.es)
- Creación de protocolos específicos de actuación ante situacións de acoso escolar ou bullying
- Formación específica a educadores, familias e menores.
- Organización de xornadas de formación neste campo, especialmente destinadas os orientadores/as e responsables de protección, para prepararse na prevención, acompañamento e actuación neste ámbito.
- Seguimento anual dos casos e accións levadas a cabo.
- Creación de Ferramentas para:
  - + *A difusión*: creación dun logo ambiente seguro, espazo web Inspectorial ambiente seguro
  - + *Prevención*: Creación dunha guía rápida de protección para educadores, materiais para a presentación desta guía, o sistema de protección Ambiente seguro e do bo trato nos claustros. Organización e elaboración de materiais para a campaña do 25 de Abril destinado tanto a educadores, como a familias e aos menores.
  - + *Detección*: Creación de Indicadores para observar e detectar algunhas sinais
  - + *Intervención*: Guía para as entrevistas de valoración ante unha sospeita de maltrato a un menor ou persoa adulta vulnerable.

## **b) Accións Realizadas A Nivel Local**

Accións preventivas relacionadas co traballo cos menores, os adultos de referencia (educadores e familias) e como Centro:

- Selección de profesionais sensibles e comprometidos co noso ideario.
- Entrega a todo o persoal do centro e/ou persoal membro doutra entidade en servizo ocasional de: código conducta, compromiso –constancia de entrega e procedemento de notificación.
- Formación específica para educadores sobre o bo trato, o noso sistema de protección, protección de datos, acompañamento e presentación dos distintos protocolos, guías e recursos dispoñibles.



- Información o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia tanto autonómicos, como Inspectoriais ou internos.
- Presentación ao alumnado e familias do sistema Ambianta Seguro e da Responsable de Protección.
- Accións co alumnado relacionadas especialmente coa cultura do bo trato, as accións promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación, diálogo e a cultura de paz así como os contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación, as dinámicas de grupo, a convivencia dixital responsable, a competencia dixital, o pensamento crítico e a alimentación saudable e nutritiva. Todas estas liñas de actuación están recollidas no noso plan educativo pastoral, plan de acción tutorial, plan de convivencia, plan de igualdade e plan hábitos saudables.
- Desenvolvemento da Campaña 25 abril “Xornada Mundial contra o maltrato infantil” con accións concretas a nivel de centro para facilitar ao menores ferramentas de autoprotección e protección dos demais aprendendo a recoñecer, responder, comunicar e confiar fronte a episodios de violencia, formación específica para educadores e familias. Difusión nas redes sociais do centro.
- Creación do Espazo web ambiente seguro e o canle de denuncia [proteccion@salesianoslugo.es](mailto:proteccion@salesianoslugo.es)
- Protección de datos: reunións de seguimento e auditorías coas Empresa asesora, adecuación de protocolos e procedementos para garantir a adecuada xestión e tratamento dos datos persoais.
- Creación dun grupo de traballo para a actualización do plan de convivencia e os protocolos relacionados.
- Artigos relacionados co tema no espazo de familias na web do centro
- Plan de Acompañamento

#### Accións para a detección

- Presentación ao claustro dos indicadores de maltrato, os principios básicos de actuación, a guía de educadores e as orientacións de como actuar ante unha revelación.



- Reunións de seguimento e coordinación entre a responsable de protección e os distintos axentes que interveñen cos menores ( profesorado titor, Fundación Juan Soñador)
- Inclusión dun punto na orde do día das reunións de etapas para garantir un tempo para realizar seguimento do alumnado ( ESO)

#### Accións para a Intervención e seguimento

- Creación dunha comisión Local de protección formada polo Director da Obra, o Director do Centro, a Responsable de Protección e o responsable de ambiente para aqueles casos que exista unha denuncia de incumprimento do CdC.
- Intervención nos casos que se estimen oportunos por medio dos distintos protocolos.
- Informe trimestral sobre todas as accións preventivas, intervencións realizadas e estudo do mesmo no ED e na Comisión de convivencia.
- Reunións de seguimento e coordinación entre a responsable de protección e distintos axentes que interveñen cos menores: profesorado titor, Fundación Juan Soñador , servizos de atención primaria e equipo técnico do menor.

## **2.2 Figuras responsables**

Tendendo en conta que previamente a aprobación das distintas normativas relacionadas coa protección ao menor xa tiñamos un sistema propio de protección (Ambiente Seguro), dotado cunha organización concreta, uns protocolos específicos así como como unha figura de referencia (Responsable de Protección) ademais das propias características do noso centro decídese realizar unha redistribución dos nomeamentos e funcións dos responsables de convivencia e protección para adecuar o sistema de protección existente a normativa vixente.

⇒ **Coordinadora de Benestar e convivencia do Centro:** Paula Opazo Balboa

En liñas xerais a responsable de Benestar e convivencia encargarse da coordinación do plan de convivencia e igualdade de centro, a coordinación das accións preventivas referidas ao alumnado e como figura de referencia na etapa de educación infantil e educación primaria.



⇒ **Responsable de Protección:** Beatriz Díaz González.

A responsable de protección encargárase das accións preventivas referidas aos adultos de referencia ( formación ou información dos distintos protocolos de prevención e protección) e como Centro, a Intervención nos casos precisos así como a figura de referencia na etapa da ESO.

Para desenvolver estas tarefas traballarase en coordinación co Equipo directivo ( formado polo Director da casa, Director do colexio, Xefaturas de estudo, Coordinadoras de Orientación, Pastoral, Calidade e EI) ademais co responsable do plan dixital de Centro e a Delegada de protección de datos.

### 3- OBXECTIVOS

#### a) En coordinación co equipo directivo:

- Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos





como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.

- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de orientación:

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais:

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.



#### 4 – LIÑAS DE ACTUACIÓN

Durante o presente curso académico (2023/2024) continuarase coas accións levadas a cabo os cursos anteriores e realizaranse as accións programadas dende o Plan educativo Pastoral, Plan de Acción tutorial, plan de convivencia, plan de igualdade, plan de dixitalización, Ipan de hábitos saudables e plan de formación de centro relacionados coa sensibilización, prevención, detección e a intervención ante calquera tipo de violencia.

Así mesmos realizaranse accións concretas para a protección do alumnado:

- ✓ Difusión entre os membros da comunidade educativa das funcións da Coordinadora de benestar e a Responsable de Protección ( Presentación ao alumnado nunha titoría, presentación ao profesorado nun claustro, presentación as familias nas reunión de inicio de curso e por medio do espazo de familias a WEB)
- ✓ Actualización do plan de convivencia e dos protocolos asociados e posterior difusión a toda a CE
- ✓ Realización dunha Reunión local de protección convocando aos seus membros máis a todos/as os representantes dos distintos ambientes para presentar aos novos membros e revisar as accións realizadas e pendentes.
- ✓ Recordar nas reunións de inicio de curso ao profesorado as actitudes a promover dentro da nosa tarefa diaria, o continuo entre bo trato e violencia, a importancia da nosa intervención como educadores para mitigar ou minimizar o dano e os recursos dispoñibles ( indicadores de maltrato e guía rápida de educadores especialmente o ANEXO II).
- ✓ Programar varios Claustros co profesorado para informar e traballar sobre temas relacionados coa convivencia e a protección:
  - Presentación plan de traballo de protección
  - Presentación programa YAM
  - Presentación prácticas restaurativas
  - Presentación Xornadas 25 abril
  - Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil



- Reflexión sobre as distintas ferramentas para mellorar o clima de convivencia de centro e intervir naqueles casos necesarios.
- Procedemento de notificación
- ✓ Creación dun protocolo de prevención e actuación ante situacións conflitivas nos encontros con familias.
- ✓ Creación dun decálogo para a realización e tratamento de fotos ou vídeos ao noso alumnado.
- ✓ Programando e desenvolvendo un Programa de Benestar emocional para o alumnado de EP.
- ✓ Incluír un punto sobre alumnado na orde do día das reunións de etapas de EI e EP para garantir un tempo para realizar seguimento.
- ✓ Desenvolver as actividades programadas para a Campaña 25 abril “ Xornada Mundial contra o maltrato infantil”.
- ✓ Realizar unha titoría específica co alumnado da ESO sobre protección de datos.
- ✓ Incluír no plan educativo pastoral, plan de acción titorial, plan de convivencia, plan de igualdade e plan hábitos saudables Accións co alumnado relacionadas especialmente coa cultura do bo trato, as accións promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación, diálogo e a cultura de paz así como os contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación, as dinámicas de grupo, convivencia dixital responsable, competencia dixital, pensamento crítico e a alimentación saudable e nutritiva.
- ✓ Implantación do programa YAM para o alumnado de 3º da ESO.
- ✓ Análise dos resultados do programa Hestia (aplicado ao alumno de 6º de EP, 1º e 2º da ESO o curso pasado) para adoptar as medias pertinentes.
- ✓ Utilizar os taboleiros comúns dos corredores para a difusión de campañas, teléfonos e recursos de interese e mensaxes coeducativas para o fomento da convivencia do centro e o benestar do alumnado.
- ✓ Reformular as reunións trimestrais dos CONSA co equipo docente revisando o formulario de análise previo a esta reunión.



## 5- PROCEDIMIENTO DE SEGUIMIENTO, EVALUACIÓN Y MODIFICACIÓN DEL PLAN Y, EN SU CASO, DE DIFUSIÓN.

Realizárase seguimento trimestralmente por parte das coordinadoras de benestar e protección indicado a consecución do logro dos obxectivos especificando o estado das accións programadas (non iniciado, iniciado, avanzado, realizado) e realizando as modificacións oportunas.

Ao final de cada curso realizárase unha avaliación dos obxectivos e de todas as accións así como reformularanse as proposta de mellora de cara o seguinte curso.

Estes seguimentos trimestrais e a avaliación final trasladarase ao ED de centro e a comisión de convivencia.